



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0859	Restauracións e recubrimentos estéticos	2024/2025	10	210	210
MP0859_12	Restauracións provisionais e metal-resina	2024/2025	10	60	60
MP0859_22	Cerámica	2024/2025	10	150	150

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSE VÁZQUEZ GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de elaboración de próteses provisionais en resina e próteses fixas en metal-resina, metal-cerámica e cerámica sen metal, seguindo as normas de calidade, prevención, seguridade e protección.

A función de elaboración de próteses abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición.
- Análise dos parámetros e das características estéticas.
- Realización de técnicas de modelaxe.
- Preparación da estrutura metálica para a unión de cerámica ou resina.
- Selección dos materiais.
- Aplicación de técnicas de termoinxección.
- Realización de deseño dixital de elementos protésicos.
- Seguimento das normas de prevención de riscos laborais.

Estas persoas exercen a súa actividade profesional no sector sanitario; en empresas privadas ou en institucións asistenciais, como fabricante de produtos sanitarios dentais á medida en laboratorios de prótese dental; como traballador autónomo ou por conta allea, como en empresas da industria dental, en fábricas proveedoras de materiais e maquinaria ou en depósitos dentais, participando nas actividades de formación específicas da empresa. Tamén pode desenvolver a súa actividade no campo da investigación tecnolóxica, dentro de empresas do sector dental e na industria dental, impartindo cursos básicos ou avanzados sobre novos materiais e novas técnicas, estando a actividade sometida á regulación pola Administración sanitaria estatal.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en Próteses Dentais.
- Responsable técnico/a dun laboratorio de Prótese Dental.
- Comercial/responsable na industria dental ou depósitos dentais.
- Responsable técnico/a en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Características das restauracións provisionais con resina (sobre muñón e metal). Estética dental.	Conceptos sobre as restauracións realizadas con resinas simples e compostas.	6	12
2	Próteses provisionais en resina.	Elaboración de restauracións provisionais en resina, con interpretación das técnicas establecidas.	40	13
3	Revestimentos provisionais de metal con resina (composite).	Realización de próteses en metal-resina (composite) e descripción do proceso de elaboración	14	6
4	Características da cerámica. Revestimento de pezas metálicas con cerámica.	Análise do material cerámica. Aspectos do procedemento do revestimento de metal con cerámica.	9	18
5	Próteses de metal cerámica.	Elaboración de próteses en metal-cerámica, con identificación dos procedementos de cocción da cerámica.	37	18
6	Restauracións cerámicas sobre estruturas mecanizadas.	Estudo das características deste proceso con interpretación dos procedementos de escanaxe e fresadura.	13	10
7	Restauracións de cerámica realizadas por termoinxección.ou sobre muñón refractario.	Análise das características específicas e dos procedementos de ambos métodos.	12	10
8	Deseño de estruturas mecanizadas. Próteses realizadas mediante termoinxección.	Elaboración de deseños dixitais de próteses. Realización de restauracións mediante termoinxección.	64	10
9	Prevención de riscos laborais. Xestión de residuos.	Análise das normas de prevención de riscos laborais. Estudo da xestión de residuos.	15	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Características das restauracións provisionais con resina (sobre muñón e metal). Estética dental.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora restauracións provisionais en resina, con interpretación das técnicas establecidas.	NO
RA2 - Realiza próteses en metal-resina e describe o proceso de elaboración.	NO



4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as indicacións e as circunstancias estéticas dos provisionais.
CA1.2 Diferenciáronse as técnicas para realizar os provisionais.
CA2.1 Preparouse a estrutura metálica para a súa adhesión á resina.
CA2.1.1 Definíronse as condicións da estrutura metálica para ser revestidas por composite.
CA2.4 Aplicáronse masas de resina, modificadores e maquillaxes, segundo a morfoloxía da peza que se vaia restaurar.
CA2.4.1 Analizáronse as características dos materiais utilizados.
CA2.5 Realizouse o proceso de polimerización da resina.
CA2.5.1 Describíronse as técnicas de elaboración.

4.1.e) Contidos

Contidos
Indicacións e funcións.
Tipos.
Materiais.
Características e propiedades dos materiais utilizados.
Técnicas de elaboración.
Técnicas de repaso e puimento da resina.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Próteses provisionais en resina.	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora restauracións provisionais en resina, con interpretación das técnicas establecidas.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Aplícase o separador de cera e modelouse a peza segundo a morfoloxía da peza que cumpra duplicar.
CA1.4 Realízase a chave e colócase a silicona sobre as pezas modeladas.
CA1.5 Elíxese a cor axeitada.
CA1.6 Prepara a mestura de resina e realízase a técnica de enchemento da chave e os tocos.
CA1.7 Establecese a presión, a temperatura e o tempo da polimerizadora.
CA1.8 Repáranse e púronse as pezas provisionais de resina
CA1.9 Valórase a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.
CA1.9.1 Comprobase o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a estética da peza elaborada.
CA1.9.2 Valórase a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.



4.2.e) Contidos

Contidos
Técnicas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Revestimentos provisionais de metal con resina (composite).	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza próteses en metal-resina e describe o proceso de elaboración.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparouse a estrutura metálica para a súa adhesión á resina.
CA2.1.2 Preparouse a estrutura metálica para a súa adhesión ó composite..
CA2.2 Definiuse a cor axeitada para a prótese.
CA2.3 Aplicáronse e polimerizáronse as capas de opacador, segundo a cor solicitada.
CA2.4 Aplicáronse masas de resina, modificadores e maquillaxes, segundo a morfoloxía da peza que se vaia restaurar.
CA2.4.2 Aplicáronse masas de composite, modificadores e maquillaxes, segundo a morfoloxía da peza que se vai restaurar.
CA2.5 Realizouse o proceso de polimerización da resina.
CA2.5.2 Realizouse o proceso de polimerización do composite.



Criterios de avaliación
CA2.6 Realizouse o repaso e o puimento da restauración.
CA2.7 Comprobouse o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a cor.
CA2.7.1 Comprobouse o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a cor.
CA2.7.2 Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.
CA2.8 Seleccionáronse os materiais para utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.

4.3.e) Contidos

Contidos
Modelaxe de pezas dentarias.
Técnicas de elaboración.
Técnicas de repaso e puimento da resina.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Características da cerámica. Revestimento de pezas metálicas con cerámica.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora próteses de metal-cerámica, para o que identifica os procedementos de cocción da cerámica.	NO



4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Preparouse o material coa toma de cor.
CA1.1.1 Analizáronse os materiais para a realización da técnica.
CA1.3 Programouse o forno para a oxidación da peza.
CA1.3.1 Analizáronse o funcionamento e requerimentos do forno.
CA1.6 Aplicáronse as masas de cerámica e programouse o forno.
CA1.6.1 Identifícaronse as características das cerámicas a utilizar, así como os factores determinantes da realización da técnica.
CA1.8 Realizáronse as correccións e comprobouse o acabado da peza.
CA1.8.1 Analizáronse os mecanismos de formación de fendas e fracturas na peza.

4.4.e) Contidos

Contidos
Preparación do metal.
Cerámica: tipos, composición, clasificación e propiedades.
Mecanismos de formación de fendas e de produción de fracturas.
Procedementos de elaboración das restauracións.
Tipos de fornos de cerámica.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Próteses de metal cerámica.	37



4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora próteses de metal-cerámica, para o que identifica os procedementos de cocción da cerámica.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Chorreuse a peza con óxido de aluminio e fíxose a limpeza con vapor.
CA1.3 Programouse o forno para a oxidación da peza.
CA1.3.2 Programouse o forno para a oxidación da peza.
CA1.4 Aplicáronselle as capas de opacador á estrutura e coceuse no forno.
CA1.5 Aplicóuselle selador e separador ao toco de escaiola.
CA1.6 Aplicáronse as masas de cerámica e programouse o forno.
CA1.6.2 Aplicáronse as masas de cerámica e programouse o forno.
CA1.7 Aplicáronse as masas de glaseamento e maquillaxe, para a súa posterior cocción no forno.
CA1.8 Realizáronse as correccións e comprobouse o acabado da peza.
CA1.8.2 Realizáronse as correccións e comprobouse o acabado da peza.
CA1.9 Realizáronse os procedementos con rigor, orde e método.
CA1.9.1 Realizáronse os procedementos con rigor, orde e método.
CA1.9.2 Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.



Criterios de avaliación

CA5.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.5.e) Contidos

Contidos

Preparación do metal.

Cerámica: tipos, composición, clasificación e propiedades.

Mecanismos de formación de fendas e de produción de fracturas.

Procedementos de elaboración das restauracións.

Tipos de fornos de cerámica.

Métodos e normas de orde e limpeza.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Restauracións cerámicas sobre estruturas mecanizadas.	13

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza restauracións cerámicas sobre estruturas mecanizadas, con interpretación os procesos de escanaxe e fresadura.	NO



4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparouse a estrutura mecanizada para a colocación da cerámica.
CA2.1.1 Analizáronse os equipamentos e tipos de materiais para levar a cabo o deseño dixital.
CA2.2 Aplicáronse as masas de cerámica á estrutura reproducindo a morfoloxía da peza, e colocáronse no forno segundo programa de cocción.
CA2.2.1 Descríbense as características dos materiais a utilizar así como o CAM.
CA2.3 Aplicáronse as masas de glaseamento e maquillaxe para a súa posterior cocción no forno.
CA2.3.1 Analizouse o procedemento da aplicación das masas de glaseamento e maquillaxe.
CA2.4 Realizáronse as correccións repasando con fresas de diamante, discos e gomas, e caracterizouse a peza.
CA2.4.1 Analizouse o procedemento de repasado da estrutura.
CA2.6 Identificouse o proceso de desinfección, envasamento e etiquetaxe segundo a normativa.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modelaxe con cerámica.
Adhesión da cerámica ás estruturas mecanizadas.
Dinámica da cor.
Integración da cerámica co circonio.
Materiais utilizados para realizar estruturas mecanizadas.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Restauracións de cerámica realizadas por termoinxección.ou sobre muñón refractario.	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza próteses en cerámica sen metal, para o que analiza as técnicas de termoinxección.	NO
RA4 - Realiza restauracións de cerámica sen metal, con identificación da técnica da cerámica sobre o toco de escaiola.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as características dos materiais e do forno de cerámica de inxección.
CA3.1.1 Identifícanse as características dos materiais e do forno de cerámica de inxección.
CA3.1.2 Analízase o procedemento da técnica e as vantaxes da técnica.
CA4.1 Acondicionáronse os dentes piares e preparáronse as zonas marxinais.
CA4.1.1 Identifícanse as características dos materiais.
CA4.3 Acondicionouse o toco de revestimento para recibir as masas cerámicas.
CA4.3.1 Analizáronse os factores a ter en conta no protocolo da técnica.
CA4.4 Aplicáronse as masas cerámicas, reproducindo as características morfolóxicas, cromáticas e funcionais.
CA4.4.1 Identifícanse as masas cerámicas a utilizar e as súas características.
CA4.6 Recuperouse a restauración e eliminouse o material de revestimento.



Criterios de avaliación

CA4.6.1 Expúxose o procedemento de recuperación da restauración.

4.7.e) Contidos

Contidos

Enceramento diagnóstico.

Materiais de inxección.

Técnicas de inxección.

Manipulación dos fornos de cerámica de inxección.

Tipos de cerámicas de inxección.

Técnicas.

Materiais utilizados.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Deseño de estruturas mecanizadas. Próteses realizadas mediante termoinxección.	64

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza restauracións cerámicas sobre estruturas mecanizadas, con interpretación os procesos de escanaxe e fresadura.	NO
RA3 - Realiza próteses en cerámica sen metal, para o que analiza as técnicas de termoinxección.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO



4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparouse a estrutura mecanizada para a colocación da cerámica.
CA2.1.2 Manexáronse as ferramentas básicas do deseño dixital de pezas dentais.
CA2.1.3 Realizouse o deseño dixital da peza.
CA2.5 Comprobouse o axuste, a oclusión, os puntos de contacto, a morfoloxía e a cor.
CA3.2 Modelouse en cera a peza que se vaia restaurar e colocouse en cilindro cos bebedoiros na posición e no tamaño adecuados.
CA3.3 Realizouse a inclusión en revestimento e púxose no forno en temperatura e tempo adecuados.
CA3.4 Colocouse no forno de inxección o cilindro e a pastilla de cerámica da cor indicada.
CA3.5 Recuperouse a estrutura do revestimento, repasouse e, en caso necesario, maquillouse.
CA3.6 Comprobouse o axuste, a oclusión, a cor e os puntos de contacto no modelo.
CA3.7 Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.
CA5.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Modelaxe con cerámica.
Dinámica da cor.
Integración da cerámica co circonio.
Materiais utilizados para realizar estruturas mecanizadas.



Contidos
Enceramento diagnóstico. Materiais de inxección. Talla. Cementación. Técnicas de inxección. Manipulación dos fornos de cerámica de inxección. Tipos de cerámicas de inxección. Técnicas. Materiais utilizados. Recuperación da restauración. Técnicas de repaso. Métodos e normas de orde e limpeza.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Prevención de riscos laborais. Xestión de residuos.	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO



4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
CA5.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
CA5.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo empregados.
CA5.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA5.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

4.9.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos. Normativa reguladora da xestión de residuos. Clasificación e almacenamento de residuos. Tratamento e recollida de residuos. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Cumprimento da normativa de protección ambiental. Métodos e normas de orde e limpeza. Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade. Xestión ambiental. Determinación das medidas de prevención de riscos laborais. Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental. Factores e situacións de risco.



Contidos
Factores físicos e químicos da área de traballo.
Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.
Seguridade no taller de próteses.
Medios e equipamentos de protección individual.
Prevención e protección colectiva.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva están detallados en cada unha das unidades didácticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Todas as calificacións numéricas estableceranse sobre 10 (de 0 a 10 puntos).

A puntuación mínima para superar a materia do módulo será de 5 nas dúas avaliacións. Todas as unidades didácticas finalizadas nunha avaliación hanse de superar cun 5 (sobre 10) para que se poida realizar a media ponderada de todas as notas. Se non se acadou o 5 nalguna das unidades didácticas, non se supera a avaliación dese trimestre.

A nota de cada avaliación será calculada como unha media ponderada de todas as unidades didácticas xa traballadas no curso, sempre que o alumno superara cada unidade didáctica cun 5.

A nota final do módulo calcularase como unha media ponderada das notas acadadas en cada unha das unidades didácticas (sempre que todas teñan unha nota mínima de 5). De non ser así, o alumno non superará o módulo.

Non se fará redondeo das notas medias de cada avaliación, polo que a nota representada na acta será o número enteiro desa nota media, sen decimais.

Na avaliación final sí se aplicará o redondeo, excepto nas notas medias que non superen o 5 (sobre 10 puntos),

Elemento avaliadores:

Proba escrita. A cualificación será numérica. Hai que acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. Se nunha proba teórica non se acadan os 5 puntos, o alumno non superará a avaliación.

Táboas de observación e/ou listas de cotexo para os traballos prácticos manuais. Serán cualificados de 0 a 10 puntos. Para superar a unidade didáctica con contidos prácticos hai que ter unha media de 5 en cada un dos traballos individuais. Cando a UD presente máis dun traballo práctico, a nota media da UD establecerase cunha media aritmética entre todos os traballos prácticos realizados.

Os traballos prácticos e as súas fotos hanse de entregar no prazo establecido. Se algún destes prazos non se cumpren (entrega de traballo, entrega de fotos) penalizarase cun punto menos a nota do traballo debido á importancia no taller de prótese de adecuarse aos prazos de entrega esixidos traballando con rigor e calidade.

Os exercicios individuais ou realizados en equipo serán avaliados mediante táboas de observación e terán como cualificación: apto/non apto. Cada exercicio cualificado non apto ou non realizado en tempo diminuirá a nota media desa unidade didáctica nun 20%.



O alumno que chegue 10 minutos tarde á realización dunha proba teórica non poderá examinarse e constará como non presentado.

A detección de fraude na realización de calquer instrumento de avaliación por parte do alumno dará lugar a unha cualificación de 0 puntos en dito instrumento.

No caso de que un alumno sexa responsable da desaparición/rotura (intencionada) dun traballo dun compañeiro, a profesora non correxirá os seus traballos prácticos xa que non se terá a seguridade da súa autoría.

O alumno será avaliado mediante un exame práctico de todas as actividades prácticas desa avaliación.

Para facilitar o proceso de aprendizaxe na aula queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calqueira outro medio dixital, agás o suxerido de modo puntual pola profesora na aula con fines didácticos.

Procedimento de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes no repaso de contidos, actividades e tarefas.

No caso que o alumno teña pendente superar contidos teóricos, terá que presentarse a unha proba sobre eses contidos. As probas teóricas terán que ser superadas cun 5 para facer a media co resto de notas de outras unidades didácticas.

No caso que teña que superar contidos prácticos, o alumno irá realizándoos no tempo estipulado, presentándoos ao final do período de recuperación para a súa avaliación. Para superar a avaliación suspensa, todos os traballos han de ter unha nota mínima de 5 puntos.

No caso de que un alumno suspendera unha avaliación por ser responsable da desaparición/rotura (intencionada) dun traballo dun compañeiro, ou debido a realizar algún tipo de fraude na realización dalgún traballo práctico, o alumno será avaliado mediante un exame práctico de todas as actividades prácticas desa avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes no repaso de contidos, actividades e tarefas.

No caso que o alumno teña pendente superar contidos teóricos, terá que presentarse a unha proba sobre eses contidos. As probas teóricas terán que ser superadas cun 5 para facer a media co resto de probas teóricas.

No caso que teña que superar contidos prácticos, o alumno irá realizándoos no tempo estipulado, presentándoos ao final do período de recuperación para a súa avaliación. Para superar a avaliación suspensa, todos os traballos han de ter unha nota mínima de 5 puntos.

No caso de que un alumno suspendera unha avaliación por ser responsable da desaparición/rotura (intencionada) dun traballo dun compañeiro, ou debido a realizar algún tipo de fraude na realización dalgún traballo práctico, o alumno será avaliado mediante un exame práctico de todas as actividades prácticas desa avaliación.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo, que consistirá en:

- Proba escrita que reunirá os contidos das unidades didácticas, que suporá o 50% da nota final.
- Proba práctica, baseada nos contidos prácticos descritos na programación. Suporá o 50% da nota final.

Temporalización da avaliación extraordinaria:

Primer día: proba teórica. Será unha proba escrita que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada Unidade Didáctica. A proba consistirá en preguntas tipo test cunha soa resposta correcta, e preguntas curtas. Na cualificación da proba, as respostas ás preguntas tipo test mal contestadas valoraranse negativamente.

Segundo día: Se se supera a proba anterior con 5 puntos ou mais, realizarase a proba práctica na que haberá que realizar diferentes procedementos prácticos.

Se se supera a proba cunha nota mínima de 5 sobre 10 puntos, calcularase a nota final como media aritmética da proba teórica e a práctica.

A detección de calquer tipo de fraude na realización dalgunha das probas por parte do alumno dará lugar a unha cualificación de 0 puntos na proba.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada pola docente na plataforma da Consellería de Educación, no apartado de seguimento das programacións, informando mensualmente deste seguimento nas reunións de equipo docente e do departamento de Sanidade. No caso de modificacións, deixarase documentado en dita plataforma.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.

Ao remate do curso, realizarase Memoria final do módulo según o modelo establecido (MD.75.PRO.04), na que se incluírán tódas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso para detectar posibles dificultades individuais, e tamén para valorar o funcionamento do grupo en conxunto (heteroxeneidade do grupo, capacidade de traballo en equipo, problemas interpersoais...). Desta maneira poderase tomar medidas efectivas rapidamente en caso de conflitos, previa petición de asesoramento ao Departamento de Orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que presente carencias importantes na formación de base que lle impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza e aprendizaxe facilitaráselle actividades de apoio.

1. Reforzarase a realización de traballos para que comprendan o esencial dos criterios de avaliación de cada unidade.
2. Proponeranse actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a, aportando instrucións máis detalladas ou diversas.



3. Traballarase con distintos agrupamentos de alumnos/as para favorecer a participación, a inclusión e a execución das actividades propostas.

4. Flexibilizarase, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.

Ademáis, levaranse a cabo as medidas aprobadas en relación co alumnado afectado, en reunións do equipo docente do curso e as aconselladas polo Departamento de orientación do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante o desenvolvemento do curso prestaremos atención ós seguintes temas:

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Inclusión do alumnado con discapacidade e necesidades educativas especiais.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Educación intercultural.
- Educación ambiental, xa que é fundamental fomentar o respecto ó medio ambiente e o correcto emprego dos medios dos que se dispón.
- Educación para a saúde, como a hixiene postural, seguridade e hixiene no traballo e prevención de enfermidades. Prestaremos atención ós riscos no laboratorio protésico.
- Educación para a paz. Valoración da importancia da colaboración co equipo de traballo no laboratorio e o respecto mutuo entre profesores/as e alumnos/as, como base fundamental da convivencia.
- Resolución de conflitos.
- Fomento de valores.

Asimesmo, fomentárase a participación do alumnado en todas aquelas actividades que se realicen no centro e que teñan relación cos temas antes citados.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

COMPLEMENTARIAS:

- Visitas a laboratorios protésicos onde o alumno/a poda ver maquinaria, programas informáticos e avances tecnolóxicos os que non teñen acceso na aula.

EXTRAESCOLARES:

- As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo podan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.